


## 'La Navidad de Johanna', un libro para colorear

**LIBRO** La editorial Quiero leer saca a la luz el libro *La Navidad de Johanna*, un libro festivo para colorear, con motivos navideños y secretos ocultos. Original de Johanna Basford, también creadora de *El océano perdido* y *La jungla mágica*, entre otros, y que ya ha vendido más de 20 millones de libros para colorear. En este volumen, la autora quiere trasladar su visión de la Navidad como una



celebración que ella misma define como una invitación para sacar los lápices para completar y embellecer cada uno de los dibujos. **ECG**

## O gaiteiro Óscar Ibáñez presenta o seu primeiro traballo en Ourense o sábado

**DIRECTO** O gaiteiro e frautista Óscar Ibáñez presentará o seu primeiro traballo *Alén do Mar*, o próximo día 11 (20.30 horas) no teatro Principal de Ourense. O músico realiza unha fusión musical sen límites partindo das raíces, a medio camiño entre investigación e creación, que ten como resultado un novo e único son. O traballo de Ibáñez artista pontevedrés está a

inspirado no poema *O fello de Celt* de Ramón Cabanillas e nas músicas de "ida e volta", e realiza unha viaxe sonora polo Atlántico. Dada a súa estreita relación con Ourense, o artista creou un espectáculo moi coitado e único para a cita na cidade das Burgas, no que durante dúas horas aproximadamente combinará os temas do seu álbum con algúns dos

clásicos tradicionais ourensáns máis representativos, como do Gaiteiro de Ventosela, Faustino Santalices, Os Trintas de Trives ou O Quinteto Monterrey. Colaborará a Real Banda de Gaitas, a Coral de Ruada, a Banda de Gaitas a Carballeira, o grupo de danzas Queixumes dos Pinos, o cantautor Emilio Rúa, o gaiteiro Marco Foxo ou o clarinetista José Tielas. **ECG**



Óscar Ibáñez. Foto: M. Gómez

# O uso do cuarzo avala a maior complexidade das sociedades na Galicia prehistórica

Un novo estudo, no que participa a USC, saíu publicado en 'Quaternary International'

### UN RECURSO VERSÁTIL DE TALLA

●●● Nas conclusións obsérvanse os procesos de talla específicos que posibilitaron a obtención de pezas de indubidable valor estético e simbólico, como pode ser a daga en cristal de roca de Montelirio (Valencina de la Concepción, Sevilla).

●●● Nestas obras o cuarzo móstrase, pois, como un recurso versátil. Así, ademais de mostrar propiedades mecánicas e funcionais equiparables ás doutros materiais de boa calidade, o cuarzo ten certas propiedades específicas (forma prismática, propiedades pezo-eléctricas...) que o dotaron dun valor simbólico.

Puñal de folia de cristal de roca e enmangue de marfil. Montelirio.



KARMELE VÁZQUEZ  
Santiago

Pese a ser un dos minerais con maior presenza na cortiza terrestre, o cuarzo foi considerado tradicionalmente polos arqueólogos como un recurso de escasa importancia, propio de sociedades arcaicas.

Novos estudos, recollidos agora nun monográfico que publica a revista *Quaternary International*, demostran a complexidade económica, tecnolóxica, social e simbólica equiparable á de grupos que habitaban outros territorios onde o sílex era un material frecuente e ao que se lle deu máis valor. Estes resultados poden considerarse como unha

proba evidente da flexibilidade e capacidade de adaptación das sociedades prehistóricas aos cambios e condicionantes dos diversos territorios.

O monográfico é froito do traballo de membros do GEPN-AAT (Grupo de Estudos para a Prehistoria do Noroeste Ibérico-Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio) da USC e do IPHES (Institut Català de Paleoecologia Humana i Evolució Social) sobre as industrias líticas en cuarzo da Prehistoria. O volume parte do XVII Congreso Internacional da Unión Internacional de Ciencias Prehistóricas e Protohistóricas de 2014 en Burgos.

Durante millóns de anos e ata a xeneralización da metalurxia hai apenas uns milenios, a fabricación de ferramentas líticas foi un aspecto fundamental da economía e tecnoloxía das sociedades prehistóricas.

Por iso, o seu estudo é de enorme importancia para poder comprender e reconstruír diversas sociedades pasadas.

Nese senso, a investigación centrouse tradicionalmente naquelas ferramentas realizadas en sílex (que, de feito, é un tipo de cuarzo), dado que esta roca presenta unha mellor calidade para a talla, o que facilita a fabricación de pezas máis complexas e mesmo máis atractivas esteticamente. Non obstan-

**Tradicionalmente o cuarzo foi considerado como un recurso de escasa importancia**

**O sílex presenta mellor calidade para a talla, o que facilita as pezas máis complexas**

te, naqueles territorios nos que o sílex é moi escaso, como é o caso de Galicia.

A este mineral se lle prestara moi pouca atención, xa fose na súa variedade máis común, o cuarzo leitoso, ou na máis pura, o cristal de roca. Para os investigadores era un mero recurso de substitución, de mala calidade.

Precisamente é nas rexións cunha maior presenza deste mineral, con Galicia en lugar destacado, onde se están desenvolvendo traballos cuxo obxectivo é revisar estas consideracións apriorísticas sobre o cuarzo.

**O MONOGRÁFICO.** O volume co novo estudo reúne 16 achegas de numerosos especialistas nacionais e internacionais coa fin de ofrecer un panorama o máis completo posible sobre o papel que o cuarzo xogaba nas sociedades prehistóricas desde un punto de vista tanto económico, como tecnolóxico, funcional e simbólico.

Ademais, abarcan un amplo marco cronolóxico e espacial, ofrecéndose casos de estudo de diversas rexións do planeta e desde o Paleolítico Inferior ata a Idade do Bronce (Olduvai, Suecia, Nova Zelandia, Foz Côa, etc.).

Os traballos axudan a romper cos paradigmas tradicionais da disciplina, deixando claro o gran coñecemento que estes grupos prehistóricos tiñan sobre este material e as posibilidades que lles ofrecía.

tendencias@elcorreogallego.es



Gran Talaso Hotel Sanxenxo 4\*



Hotel Carlos I Silgar 4\*



Hotel Nuevo Astur Spa 3\*

Tres hoteles en el corazón de las Rías Bajas

Disfruta en Sanxenxo.

VIAJES Inter Rias  
M-m GAT XG/95  
VIAJES FISTERRA, S.L.

Consulta en tu agencia de viajes